



Concello de  
**Fisterra**

## MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

### FESTAS E VERBENAS POPULARES.

Persoa ou asociación organizadora

Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Disposición adicional 4ª da Lei 9/2013 do 19 decembro do emprendemento e da actividade económica de Galicia, engadida pola Lei 10/2017

#### Datos da persoa declarante/asociación organizadora

Nome e apelidos/razón social		NIF/NIE/CIF	
R./Lg.	Parroquia		Núm.
Bloq./Escaleira	Piso/porta	Cód. Postal	Municipio
Provincia	Teléfono		Correo electrónico

#### Datos do representante

Nome e apelidos	NIF/NIE
-----------------	---------

#### Datos do festexo

Nome do festexo:
Datas (de inicio e remate):
Emprazamento (lugar e parroquia):
Referencia catastral:

**DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE** en calidade de organizador da actividade, que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requerida, que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercicio e ACHEGA:

- Programa de actividades e características destas (coa identificación do evento para o que se solicita a autorización, con expresa indicación das datas de celebración, achegando un plano indicativo do espazo acoutado onde se celebrará)
- Certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.
- Comunicación á Delegación ou Subdelegación do Goberno se así o require a normativa e a comunicación a AESA do lanzamento de fogos de artificio, se é o caso.
- Compromiso de contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil, co capital mínimo previsto na Disposición Transitoria 3ª da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia, que cubra, de acordo co artigo 8 da citada norma, a responsabilidade civil que sexa imputada directa, solidaria ou subsidiariamente ás persoas titulares ou organizadoras e que cubra os danos persoais ou materiais e os prexuízos ocasionados a usuarios ou asistentes e os seus bens, producidos como consecuencia da xestión ou explotación da actividade ou das accións do persoal ou empresas subcontratadas.
- Certificación da compañía aseguradora, en exemplar orixinal, na que, en cumprimento do previsto no artigo 8 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, se faga constar de forma expresa, que a persoa declarante/titular ten subscrita unha póliza de seguro que da cobertura á responsabilidade civil que sexa imputada directa, solidaria ou subsidiariamente ás persoas titulares ou organizadoras e que cubra os danos persoais ou materiais e os prexuízos ocasionados a usuarios ou asistentes e os seus bens, producidos como consecuencia da xestión ou explotación da actividade ou das accións do persoal ou empresas subcontratadas; farase constar, así mesmo, o capital mínimo da póliza e que o subscritor consta ao día no pagamento das primas, todo iso en aplicación da Disposición Transitoria. 3ª da Lei 10/2017, citada. **NO CASO DE CONTAR XA COA PÓLIZA DE SEGURO**

Así mesmo, DECLARA que, en relación á actividade a realizar:

- NON REQUIRE a montaxe de estruturas non permanentes desmontables.
- REQUIRE a montaxe de estruturas permanentes non permanentes desmontables (carpas, escenarios, casetas, atraccións de feira... suxeitas a declaración. (\*))

(\* No caso de requirir a montaxe de instalacións non permanentes desmontables (escenarios, carpas, casetas, atraccións de feira, ...) os titulares destas deberán presentar a declaración responsable de estrutura non permanente desmontable, no formulario municipal correspondente e coa documentación indicada no mesmo. (disposición adicional 4ª. Apartado 2, da Lei 9/2013 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia: "Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza, ás que se refiren os artigos 40 e 42 quínties, esta será presentada, ou solicitada, pola persoa titular da instalación."))

CONCELLO DE FISTERRA

Dirección: R/Santa Catalina, 1 15155 Fisterra, A Coruña Teléfono:981 74 00 01 E-mail: [info@concellofisterra.gal](mailto:info@concellofisterra.gal)

**Selecione a forma de notificación (no caso de persoa física. As persoas xurídicas notificaranse de forma electrónica obrigatoriamente)**Notifíquese a  Persoa solicitante  Persoa representante

- Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>  
Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.  
Ao elixir esta modalidade de notificación vostede autoriza a alta no Sistema Notific@.  
Os avisos da posta a disposición da notificación enviaranse ao correo electrónico (endereço indicado anteriormente segundo a persoa seleccionada á que se notifica)
- Postal** (endereço postal indicado anteriormente segundo a persoa seleccionada á que se notifica)

Fisterra  de  de 

(Sinatura da persoa declarante/representante)

"De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo/a de que o Responsable de Tratamento dos seus datos é o CONCELLO DE FISTERRA e a lexitimación para o seu tratamento é: ou o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento e/o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento . Segundo o caso, consentimento previo do interesado no inicio do tratamento. A finalidade para o tratamento dos mesmos é a comunicación entre ambas partes, así como para a xestión de correos e contactos da nosa entidade. Os seus datos serán conservados durante o período establecido polo tratamento, a lexislación vixente e os requirimentos aplicables á conservación de información por parte da AAPP e Entidades públicas ou privadas cuxa concorrencia sexa necesaria ou lexítima para o desenvolvemento dos procedementos e/o actuacións municipais. A condición de que se cumpran os requisitos esixidos pola normativa, vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, portabilidade e (no seu caso) retirada do consentimento prestado, así como non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos que establece a normativa vixente e aplicable en materia de protección de datos, dirixindo a súa petición á dirección postal RÚA STA. CATALINA, 1, 15155 Fisterra (A CORUÑA) ou ben a través de correo electrónico [dpd@concellofisterra.gal](mailto:dpd@concellofisterra.gal)

**INFORMACIÓN RELATIVA Á PRESENTACIÓN DA DECLARACIÓN RESPONSABLE**

A declaración responsable deberase presentar con carácter previo á organización do espectáculo público ou ao inicio da actividade recreativa. Coa declaración responsable deberase achegar a documentación que consta no apartado anterior, agás que estea xa en poder ou fose elaborada por calquera administración, suposto en que se observará o indicado no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Concello poderá solicitar calquera outra documentación que sexa esixible pola normativa aplicable.

O custo dos informes, das certificacións e das actas de verificación ou control de funcionamento e de revisión será por conta das persoas solicitantes.

A declaración responsable presentada cumprindo os requisitos habilita para o exercicio da actividade, o desenvolvemento do espectáculo ou apertura do establecemento desde a súa presentación, sen perxuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á Administración nos termos previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia.

A inexactitude, a falsidade ou a omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, así como a non presentación da declaración responsable ou da documentación requerida para acreditar o cumprimento do declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas.

A persoa titular do establecemento ou organizadora do espectáculo público ou da actividade recreativa deberá comunicar á Administración competente as modificacións non substanciais, no prazo de 15 días desde que teña lugar. No obstante, no caso de cambio de titularidade, a comunicación, xunto coa documentación acreditativa do cambio da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, deberase efectuar con anterioridade ao desenvolvemento da actividade pola/o nova/o titular.

Será necesaria a presentación de declaración responsable nos termos previstos neste precepto no caso de modificación substancial. En todo caso, terán a consideración de modificacións substanciais a modificación da clase de actividade recreativa ou espectáculo público, o cambio de lugar ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento aberto a público se así é declarado no informe técnico correspondente.

**OBXECTO**

A través deste procedemento poderase tramitar a Declaración responsable para a instalación de estruturas desmontables non permanentes dentro da celebración da festa ou verbena popular INSTRUCCIÓNS PAR CUBRIR. Cubra os datos da persoa física ou xurídica que formula a solicitude e do seu representante se procede, achegando en tal caso o correspondente documento de representación. Cubra igualmente o endereço completo, para efectos de notificacións, do solicitante ou do seu representante, así como outros medios de contacto tales como un teléfono fixo, teléfono móbil, dirección de correo electrónico e fax, no caso de que desexe ser contactado por algún destes medios. Indique expresamente se autoriza ao Concello de Vilasantar a que lle envíe mensaxes SMS e/ou correos electrónicos ao endereço especificado así como notificacións fidedignas á súa caixa de correo web para o que necesitará un certificado dixital recoñecido (DNI electrónico, CERES etc.). A solicitude debe ser asinada pola persoa interesada solicitante ou o seu representante, se procede.

CONCELLO DE FISTERRA

Dirección: R/Santa Catalina, 1 15155 Fisterra, A Coruña Teléfono:981 74 00 01 E-mail: [info@concellofisterra.gal](mailto:info@concellofisterra.gal)